

## Proxecto "E.S.E." (Eu Son Eu)



As siglas E.S.E. corresponden á afirmación “Eu Son Eu”, con ela preténdese plasmar a filosofía do Proxecto, baseada no desenvolvemento da propia personalidade, a confianza nun mesmo e a autoafirmación. “Ese” son eu, coa miña personalidade, os meus principios e a determinación suficiente como para tomar as miñas propias decisións, sen deixarme arrastrar polos demais. En cuestión de drogas, como noutras circunstancias, dicir “NON” cando se quere dicir é tan doado como ser ti mesmo, e iso é o que se pretende transmitir coa posta en práctica das dinámicas deseñadas para este Proxecto.

### Metodoloxía

Trátase dunha **intervención** moi **individualizada** que intenta que cada alumno descubra os seus obxectivos e os seus soños e se interese por buscalos e facelos reais, pero sempre **a través do contacto co grupo**, de total relevancia nestas idades. Buscarase propiciar un ambiente de participación axeitada, onde todos os membros dese grupo se sintan o suficientemente cómodos como para participar con liberdade, sabéndose escoitados e respetados.

As dinámicas se desenvolverán durante **un trimestre**, nas **instalacións do Centro Educativo** mediante **sesións semanais co grupo-clase dunha hora** de duración, baseadas na *formación do alumnado mediante **obradoiros de habilidades sociais, autocoñecemento e autocontrol***. Esta formación completárase cunha **última sesión**, levada a cabo ao final do trimestre **coas familias** destes alumnos, para facilitar información e estratexias de actuación e para fomentar a actuación conxunta familia-escola. A continuación, o equipo de intervención directa, xunto co de Orientación do Centro e o Titor, realizará a avaliación, tanto do Proxecto como dos seus resultados, en función dos cales elaboráraseá o consiguiente informe avaliativo.

### Actividades

- o Dinámicas de grupo
- o Chuvia de ideas
- o Postas en común
- o Análise de casos e supostos
- o Xogos Cooperativos
- o Xogos de Roles
- o Disco forum
- o Video forum
- o Dramatizacións
- o Técnicas de Autocontrol e Autoestima
- o Técnicas de Relaxación

## **Obxectivos**

- ☺ Crear un ambiente axeitado para facilitar o plantexamento de situacións a resolver
- ☺ Establecer unha vía de reflexión persoal a cerca do propio xeito de actuar e as súas consecuencias
- ☺ Preparar para afrontar situacións de risco e de toma de decisións persoais
- ☺ Desvelar as consecuencias do consumo de drogas desde o descubrimento dun mesmo
- ☺ Transformar a mensaxe “Drogas Non” en “Eu Non” a través da autoconfianza e a autoafirmación